Inscrición e matrícula

COTA DE SOCIO/A : 30€

Matrícula dunha materia: 80€
descontos:
2ª materia: 75€, 3ª materia e seguintes: 70€ cada unha

MENSUALIDADES:

Materias teóricas: 20€/mes
Instrumento: 30€/mes
Instrumento adulto: 50€/mes*
Batucada: 25€/mes

O curso consta de 8 mensulidades
dende outubro a maio

*exento de participar na banda

PRÉSTAMO DE INSTRUMENTO
(gratuíto o 1º curso): 10€/mes

PRÉSTAMO DE INSTRUMENTO GRATUÍTO
o primeiro curso académico

Asociación Cultural Musical Sementeira

Ensinando música en Narón
dende 1993

ESCOLA DE MÚSICA
con mestres titulados

BANDA INFANTIL
dende 1995

XOVE BANDA DE NARÓN

Padroado da Cultura
Concello de Narón

CONTACTO:

Oficina:
2º andar do Pazo da Cultura
Rúa Holanda, s/n, Narón
Teléfono: 699 458 267

Teléfono: 699 458 267
e-mail: acmsementeira@gmail.com

www.acmsementeiranaron.gal

ig: @a.c.m.sementeiradenaron
facebook.com/XBN.Sementeira

Deputación DA CORUÑA

XOVE BANDA DE NARÓN

A Xove Banda de Narón é a agrupación musical con máis traxectoria da Asociación Cultural Musical Sementeira. Está formada por rapaces que se dedican á musica de forma vocacional, e participa en concertos e actuacións en toda Galicia.

As súas participacións van dende procesións e pequenos concertos tradicionais, a certames e concursos a nivel galego.

Os rapaces son a alma da Banda, eles son os que se esforzan e logran a calidade das actuacións tras moito traballo. Forman un grupo moi diverso, procedentes de toda Ferrolterra, que comparten as súas experiencias e tutelan ós máis novos, participando tamén en actividades fóra das exclusivamente musicais.

BANDA INFANTIL
A.C.M. SEMENTEIRA DE NARÓN

A Banda Infantil Sementeira é unha pequena agrupación bandística composta polos alumnos e alumnas pertencentes á escola de música da A.C.M. "Sementeira" de Narón. É o primeiro paso musical polo que deben pasar os alumnos da escola antes de se integrar na Xove Banda de Narón. A Banda Infantil trata de espertar o interese dos nenos pola música en conxunto, por iso os programas que interpretan son especialmente deseñados con temas musicais coñecidos e agradábeis de tocar en grupo.

Xorde no outono de 1995 froito da inquedanza que ten esta asociación cultural de ofrecer aos seus alumnos unha maior calidade na súa formación músico-instrumental. Así, con este proxecto, os alumnos e alumnas que adquiren un certo nivel elemental nas escolas teñen a posibilidade de facer música en conxunto, e desta forma experimentar por sí mesmos o pracer de comunicar e comunicarse dentro dun discurso musical educativo cos seus propios compañeiros de estudo.

Oferta académica

Ensinanzas teóricas:

- Música e movemento (3 a 6 anos)
- Iniciación á Linguaxe Musical (7 anos)
- Linguaxe Musical, de 1º a 6º curso.
- Linguaxe Musical para adultos.
- Linguaxe Musical para alumnado do Padroado da Cultura de Narón.

Especialidades instrumentais:

- Vento madeira: frauta, óboe, **clarinete** e saxofón.
- Vento metal: trompeta, **trompa**, trombón, bombardino e tuba.
- Percusión
- **Batucada**
- Corda frotada: violonchelo e contrabaixo.



PRÉSTAMO DE INSTRUMENTOS (GRATUÍTO O PRIMEIRO CURSO)